



De entre as tebras

Alex Pernas

«Trala publicación de Xarfas e A Paga, Alex Pernas (A Coruña, 1986) escribe este novo libro de relatos no que, camiñando da man dos seres e lugares da mitoloxía galega, amosa de novo o máis escuro da condición humana nuns textos nos que nada é o que semella.

A través de diferentes épocas e viaxando entre o urbano e o rural, estas páxinas farán un percorrido por todo o territorio galego escoitando, na propia voz de moitas das protagonistas e cos trazos dialectais que as caracterizan, a realidade que hai detrás dos contos de demos, trasnos, espíritos e meigas.»

Neste libro, a persoa lectora poderá atopar, ao longo de 108 páxinas, un total de 19 relatos centrados, cada un deles, nun ser, lugar, ou obxecto da mitoloxía galega. A pesar de que o tema principal estea baseado na fantasía, as lendas son tratadas dende un punto de vista realista.

Ademais de nunha lenda, cada un dos relatos está ambientado nun lugar diferente da xeografía galega, percorrendo dende aldeas illadas nos Ancares ata cidades coma Compostela, e dende o mar de Viveiro e Muxía ata as terras de Chantada ou Valdeorras, unindo o mundo urbano co rural e o interior coa costa.

As diferentes personaxes exprésanse no galego dialectal propio da súa zona, podendo atopar no libro fenómenos fonéticos como a *gheada*, o *seseo*, o *cheísmo*, ou a utilización de *tu* en lugar de *ti*.

A viaxe no espazo está acompañada tamén por unha viaxe no tempo. Mentres nalgúns relatos podemos atopar as vivencias de mulleres de comezos do século XX, noutros podemos ver a vellez dun home durante os anos 60 do mesmo século, ou a adolescencia de diferentes xeracións, coma *boomers*, *millenials*, ou *zetas*.

Pese a que o tema principal do libro, a diferenza de *Xarfas* e *A Paga*, xa non é a crítica social, si se poderán atopar algúns relatos onde se traten problemáticas coma o acoso escolar, a gordofobia, o estigma das enfermidades mentais, ou o machismo.

O conxunto de relatos finalízase cun apéndice no que se describen as lendas tratadas.

Estando autoeditado, o libro pódese comprar en papel en formato de tapa branda e Kindle, ademais de estar dispoñible de forma gratuíta en formato EPUB.

- Compra en papel e Kindle:

<https://bit.ly/DeEntreAsTebrasAlexPernas>

- Descarga de balde en EPUB:

<https://bit.ly/DeEntreAsTebrasAlexPernasEpub>



Fotografía: Erik Dobaño.

Alex Pernas, nado na Coruña no ano 1986, desenvolve a súa carreira coma enxeñeiro de software tras cursar os estudos de Enxeñería Técnica en Informática de Sistemas e Grao en Enxeñaría Informática, con Mención en Enxeñaría do Software, na Universidade da Coruña.

No mundo literario, publicou no ano 2018 a novela de ficción social **Xarfas**, e no ano 2022 o libro de relatos **A Paga**, publicado anteriormente coma folletín no xornal dixital **adiante.gal** entre os anos 2018 e 2021.

Tamén é activo no ámbito musical, estando en varias formacións, sendo as principais delas **TST** (heavy metal), coa que publicou unha maqueta no ano 2008; **Ad Intra** (doom/death metal), coa que publicou o sinxelo *We Aren't Ready to Take Off* (2011) e mailo LP *Inside Us All* (2013); **Os Relámpagos de Nós** (rock); e **Oymyakon** (groove/death metal), coa que se atopa na actualidade.

Tamén colaborou con diversas asociacións e xentes do ámbito do activismo, sendo unha das principais accións a súa labor coma parte da xunta directiva da **Asociación Gatuchinhos**, a cal actúa coma protectora dos gatos rueiros.

Contacto co autor:

- **Correo electrónico:** alexpernas.literatura@gmail.com